# CONVENIO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE DIVULGACIÓN E FOMENTO DA ACTIVIDADE CINEXÉTICA

# Memoria da actividade 2.018

# I N D I C E


| | |
|---|---|
| **ACTIVIDADE I (Cursos de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios)** | **1-17** |
| 1. Calendario | 2 |
| 2. Duración e contidos | 2-3 |
| 3. Relatores, ponencias, coordinadores e persoal auxiliar | 3-5 |
| 4. Certificado de asistencia | 5-6 |
| 5. Material didáctico | 6 |
| 6. Cuestionario de avaliación do curso | 7-10 |
| a) Participación nos cursos e nas enquisas | 7 |
| b) Respostas dos asistentes ao cuestionario de avaliación | 8 |
| c) Avaliación curso a curso | 8-10 |
| .- Curso de Verín (Ourense), 13 out 2018 | 8 |
| .- Curso de Cerdedo (Pontevedra), 19 out 2018 | 9 |
| .- Curso de Santa Comba (A Coruña), 26 out 2018 | 9-10 |
| .- Curso de Lugo, 31 out 2018 | 10 |
| 7. Actas e Follas de Inscricións | 11 |
| 8. Programas dos cursos | 11 |
| 9. Reportaxe gráfico dos cursos | 11-12 |
| 10. Os cursos nos medios de comunicación e nas redes sociais | 13-17 |
| **ACTIVIDADE II (Curso de Formación de Responsables de Sociedades)** | **18-27** |
| 1. Estrutura | 19 |
| 2. Contidos | 19-20 |
| 3. Relatores e persoal auxiliar | 21 |
| 4. Participación | 21 |
| 5. Boletíns de matrícula e relación de asistentes | 22 |
| 6. Programa do curso | 22 |
| 7. Pantallazos da Escola de Caza virtual | 22-24 |
| 8. O curso nos medios de comunicación e nas redes sociais | 24-27 |
| **ACTIVIDADE III (Campaña de divulgación Cazar Seguro)** | **28-29** |
| **Xustificación económica do convenio** | **30-33** |
| **Anexo 1** | |
| Avaliación dos relatorios dos cursos de Seguridade e Primeiros Auxilios | |
| **Anexo 2** | |
| Actas e Follas de Inscrición dos Cursos de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios e Formación Responsables Sociedades | |
| **Anexo 3** | |
| Programas dos Cursos de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios, e Formación Responsables de Sociedades | |

# ACTIVIDADE I

# PREVENCIÓN DA SINIESTRALIDADE, E SEGURIDADE NA PRÁCTICA CINEXÉTICA

## Cursos de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios

## ACTIVIDADE I: PREVENCIÓN DA SINIESTRALIDADE E SEGURIDADE NA PRÁCTICA CINEXÉTICA

## Cursos de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios.

Impartíronse senllos cursos de ***Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios*** nas catro provincias galegas, nos que participaron 240 cazadores.

## 1. CALENDARIO.

| Data celebración | Denominación Curso | Lugar | Localidade (Provincia) | Nº Asistentes | Coordinador | Relatores |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 13/10/2018 | Curso de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios Ourense | Centro Sociale Ábedes | Verín (Ourense) | 49 | José Castro Rivela | Aquilino Valencia Salgado, Dario Andrade Expósito, Mª Teresa González Justo, Uxía Álvarez Cerdeira e Lucía Rodríguez Míguez |
| 19/10/2018 | Curso de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios Pontevedra | Auditorio de Cerdedo | Cerdedo (Pontevedra | 23 | Francisco Couselo Castiñeira | José L. Villamil Hermida, Álvaro Lago Lusquiños, Mª Teresa González Justo, Luis E. Fidalgo Álvarez, e Dario Andrade Expósito |
| 26/10/2018 | Curso de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios A Coruña | Vivenda Comunitaria | Santa Comba (A Coruña) | 68 | Manuel Penabad Corral | José M. Matos Sobrino, José A. Montoiro González, e Dario Andrade Expósito |
| 31/10/2018 | Curso de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios Lugo | Hotel Méndez Núñez | Lugo | 100 | Francisco López Penela | Jaime Lage Pérez, Manuel Nodar Real, Mª Teresa González Justo, Javier Sande López e Silvia Díaz Fernández |
| | | | | **240** | | |

## 2. DURACIÓN E CONTIDOS.

Cadaún dos cursos tiña unha duración de 4 horas.

Os cursos dividíanse en dous bloques, ***Seguridade nas Cazarías e Primeiros Auxilios***, e remataban cunha mesa redonda sobre siniestralidade, prevención e primeiros auxilios na que interactuaban alumnos e relatores.

Neles impartíase a seguinte materia:

**BLOQUE 1: SEGURIDADE NAS CAZARÍAS (2,30 h)**

**Tema 1**: Normas de Seguridade na caza. A seguridade dos cazadores e outros usuarios do monte.
**Tema 2:** A organización de batidas e as medidas de seguridade para evitar accidentes.
**Tema 3**: Lexislación relacionada coa organización e seguridade nas cazarías.

**BLOQUE 2: AS COMUNICACIÓNS COA CONSELLERÍA CMATV (0,30 h)**

**Tema 4**: O plan de ordenación cinexético (POC), plan de aproveitamento cinexético (PAAC), solicitude de cazarías, comunicación de resultados e relación de cazadores, e outras comunicacións.
**Tema 5:** A aplicación informatica de caza. Suposto práctico.

**BLOQUE 3: OS PRIMEIROS AUXILIOS (0,30 h)**

**Tema 6**: Actuación ante un accidente de caza.
**Tema 7:** Actuación ante un accidente do can.
**Tema 8**: Actuación ante outro tipo de accidentes e enfermidades comúns (infarto, desmaio ..).
**Tema 9:** O botiquín do cazador.

**MESA REDONDA (0,30 h)**

**Siniestralidade, prevención, e primeiros auxilios (1,00 hora)**

## 3. RELATORES, PONENCIAS, COORDINADORES, E PERSOAL AUXILIAR

Actuaban de formadores 14 relatores con amplos coñecementos nas diferentes materias impartidas (avogados, técnicos, expertos en armas, axentes da Garda Civil, de Medio Ambiente, veterinarios, médicos, enfermeiros, biólogos, etc.).

| Relator | Cargo | Relatorio |
|---|---|---|
| Álvarez Cerdeira, Uxía | Diplomada en enfermaría | Os primeiros auxilios. Actuación ante un accidente de caza , un accidente do can, e outro tipo de accidentes en enfermidades comúns |
| Andrade Expósito, Darío | Técnico de Caza da CMATV | As comunicacións coa Consellería CMATV |
| Díaz Fernández, Silvia | Médico do Sergas | Os primeiros auxilios. Actuación ante un accidente de caza, e outro tipo de accidentes en enfermidades comúns |
| Fidalgo Álvarez, Luis Eusebio | Doutor en Veterinaria da USC | Os primeiros auxilios. Actuación ante un accidente do can |
| González Justo, Mª Teresa | Avogado, Asesora Xurídica FGC | Lexislación e xurisprudencia relacionada coa organización e seguridade nas cazarías |
| Lage Pérez, Jaime | Axente do Seprona | Normas de Seguridade na Caza. Organización de batidas e medidas de seguridade para evitar accidentes |
| Lago Lusquiños, Álvaro | Tenente Xefe Sección Seprona Pontevedra | Normas de Seguridade na Caza. Organización de batidas e medidas de seguridade para evitar accidentes |

| Relator | Cargo | Relatorio |
|---|---|---|
| Matos Sobrino, José Manuel | Biólogo. Xestor cinexético | Lexislación cinexética (Transporte de cans, Lei de benestar animal, POC, PAAC,, solicitude de cazarías, comunicación de resultados e relación de cazadores e outras comunicacións) |
| Montoiro González, José A. | Diplomado enfermaría. Licenciado en veterinaria | Os primeiros auxilios. Actuación ante un accidente de caza , un accidente do can, e outro tipo de accidentes en enfermidades comúns |
| Nodar Real, Manuel | Técnico do Servizo de Conservación da Natureza Lugo | As comunicacións coa Consellería CMATV |
| Rodríguez Míguez, Lucía | Diplomada en enfermaría | Os primeiros auxilios. Actuación ante un accidente de caza , un accidente do can, e outro tipo de accidentes en enfermidades comúns |
| Sande López, Javier | Veterinario | Os primeiros auxilios. Actuación ante un accidente do can |
| Valencia Salgado, Aquilino | Axente medioambiental | Normas de Seguridade na Caza. Organización de batidas e medidas de seguridade para evitar accidentes |
| Villamil Hermida, José Luis | Suboficial interventor armas Cmdª G. Civil Pontevedra | Normas de Seguridade na Caza. Organización de batidas e medidas de seguridade para evitar accidentes |

A coordinación dos diferentes ***Cursos de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios***, corría a cargo de Directivos da FGC, apoiados por persoal auxiliar, maioritariamente formado por persoal de plantilla da propia FGC.

| COORDINADORES | Curso | Cargo |
|---|---|---|
| Penabad Corral, Manuel | Curso de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios Coruña | Vicepresidente FGC Coruña |
| López Penela, Francisco | Curso de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios Lugo | Presidente Provincial FGC Lugo |
| Castro Rivela, José | Curso de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios Ourense | Tesoureiro FGC Ourense |
| Couselo Castiñeira, Francisco | Curso de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios Ourense | Presidente Provincial FGC Pontevedra |

| PERSOAL AUXILIAR | Curso | Cargo |
|---|---|---|
| Rey Cotelo, Celia | Curso de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios Coruña | Xefe Admvo FGC Coruña |
| Becerra Amado, Jesús | Curso de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios Coruña | Oficial Admvo FGC Coruña |
| Vázquez Méndez, Hilda | Curso de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios Lugo | Xefe Admvo FGC Lugo |
| Vidal Lamela, José Manuel | Curso de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios Lugo | Secretario Xeral FGC Lugo |
| Feijoo Castro, Manuel | Curso de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios Ourense | Secretario Xeral FGC Ourense |
| Leites Labrador, Maria | Curso de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios Ourense | Oficial Admva FGC Ourense |
| Amoedo Cal, Romina | Curso de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios Pontevedra | Oficial Admva FGC Pontevedra |

## 4. CERTIFICADO DE ASISTENCIA.

Todos os asistentes aos cursos de ***Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios**,* recibían ao final das xornadas formativas un certificado acreditativo da asistencia ao curso, con expresión dos contidos e das horas formativas, e un carné que reproducía o mesmo.

Federación Galega de Caza · XUNTA DE GALICIA · DEPORTE GALEGO · GALICIA SAUDABLE "A Caza, unha actividade física saudable en plena natureza" · XUNTA DE GALICIA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

**CERTIFICADO DE ASISTENCIA**

*D. Javier Nogueira Diz, Presidente da Comisión Xestora da Federación Galega de Caza*

**C E R T I F I C A**

que **D. .............................. DNI ........**

Asistiu ao **Curso de Prevención da siniestralidade e Seguridade na Práctica Cinexética: Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios**
celebrado en ............... o dia .... de ........ de 2018 cunha duración de 4 horas

O Presidente da Comisión Xestora da Federación Galega de Caza,

Nogueira

**Asdo. Javier Nogueira Diz**

**ÁREA FORMATIVA:**

**Curso de Prevención da Siniestralidade e Seguridade na Práctica Cinexética: Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios**

**I. SEGURIDADE NAS CAZARÍAS (2,30 h)**

1. Normas de Seguridade na caza. A seguridade dos cazadores e outros usuarios do monte.
2. A organización de batidas e as medidas de seguridade para evitar accidentes.
3. Lexislación e xurisprudencia relacionada coa organización e seguridade nas cazarías.

**II. AS COMUNICACIÓNS COA CONSELLERÍA CMATV (0,30 h)**

4. O plan de ordenación cinexético, plan de aproveitamento cinexético, solicitude de cazarías, comunicación de resultados e relación de cazadores, outras comunicacións.
5. A aplicación informática de caza: Suposto práctico.

**III. PRIMEIROS AUXILIOS (0,30 h.)**

1. Actuación ante un accidente de caza.
2. Actuación ante un accidente do can.
3. Actuación ante outro tipo de accidentes e enfermedades comúns (accidentes de tráfico, mancaduras, infarto, desmaio, etc).
4. O botiquín do cazador.

**IV. MESA REDONDA (0,30 h.)**

Siniestralidade, prevención, e primeiros auxilios

## 5. MATERIAL DIDÁCTICO.

Aos alumnos asistentes ao de ***Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios***, entregóuselle o seguinte material:

- Bolsa da *Escola de caza* para meter material
- Carpeta da *Escola de Caza*
- Bolígrafo, cor laranxa
- Diptico de Seguridade na Caza
- Diptico de Decálogo de Seguridade Os 10 mandamentos do cazador
- Diptico das vantaxes dos federados
- Libro Guía Caza  2018-2019
- Libro Lei de Caza de Galicia
- Folios
- Sinais de "atención cazaría"
- Pegatinas de SI A CAZA
- Viseiras de seguridade, cor laranza
- Chalecos de seguridade, cor laranza
- Revista Galicia Cinexética
- Diploma e carné de asistencia



# 6. CUESTIONARIO DE AVALIACIÓN DO CURSO.

Durante o desenvolvemento dos cursos ***de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios***, co obxecto de tentar mellorar as actividades formativas e coñecer a opinión e suxerencias dos alumnos participantes nos cursos, a FGC pasou unha enquisa a todos os asistentes, solicitándolle que responderan obxectivamente a unha serie de cuestións relacionadas coa formación impartida. As enquisas eran anónimas pero aínda así para facilitar a independencia na resposta instalábase unha urna na que os participantes dos diferentes cursos ían depositando a súa enquisa.

Dos **240 alumnos asistentes aos cursos participaron na enquisa de avaliación 184, ou o que é o mesmo o 77% dos asistentes manifestaron a súa opinión sobre a formación recibida**.

Á pregunta ***"¿os relatores resolveron as súas dúbidas?***", **máis do 83% dos asistentes responderon que llas resolveran totalmente**, mentres que un 16% manifestou que llas resolveran nalgúns casos, e 1 alumno sinala que case nunca as resolveu.

Preguntados sobre como ***"¿encontrou o contido desta actividade?***", **máis do 70% dos enquisados contestaron que moi útil,** e un 30% manifestou que aconsellable.

E á pregunta ***"¿acadou os obxectivos esperados?***", **o 88% dos asistentes responderon que si**, un 12% din ter acadados os obxectivos de xeito parcial, a 1 alumno indica non ter acadado os obxectivos que agardaba.

Antes de entrar a avaliar os diferentes relatorios compre sinalar que se obviou, debido a un erro ao formular a enquisa, a valoración do relatorio *As Comunicacións coa Consellería de Medio Ambiente*, polo tanto non poderá avaliarse nesta ocasión aínda que a esta Federación Galega de Caza cónstalle a extraordinaria acollida que tivo esta ponencia impartida polos técnicos Darío Andrade Expósito (en Coruña, Ourense e Pontevedra), e Manuel Nodar Real (en Lugo).

**Os relatorios cos que os alumnos amosaron maior satisfacción foron, por esta orde, as *Normas de Seguridade*, os *Primeiros Auxilios*, e a *Lexislación*.**

## a) Participación nos cursos e enquisas contestadas:

| | Asistentes | Enquisas contestadas | % |
|---|---|---|---|
| **Coruña** | 68 | 59 | 87% |
| **Lugo** | 100 | 66 | 66% |
| **Ourense** | 49 | 46 | 94% |
| **Pontevedra** | 23 | 13 | 57% |
| **TOTAL ….** | 240 | 184 | 77% |

## b) Respostas dos asistentes ao cuestionario de avaliación:

| | Resposta 1 | Resposta 2 | Resposta 3 | NS/NC | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| **Pregunta 1** | 153 | 30 | 1 | 0 | 184 |
| **Pregunta 2** | 129 | 55 | 0 | 0 | 184 |
| **Pregunta 3** | 161 | 1 | 22 | 0 | 184 |

***CURSO DE SEGURIDADE NA CAZA E PRIMEIROS AUXILIOS***

***Provincia ___________________***

Cuestionario de avaliación do ***"Curso de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios"***

Vostede pode axudarnos a mellorar as nosas actividades, contestando con obxectividade ás seguintes cuestión relacionadas co citado curso, sinalando cun X as respostas seguintes.

A presente enquisa é anónima e, unha vez cumprimentada, entregarase á organización do Curso ou depositarase directamente na urna que a organización ten instalada ao efecto.

**PREGUNTAS**

1. Os relatores resolveron as súas dúbidas:
   - ☐ Totalmente
   - ☐ Nalgúns casos
   - ☐ Case nunca
2. Encontrou o contido desta actividade:
   - ☐ Moi útil
   - ☐ Aconsellable
   - ☐ Sen utilidade
3. Acadou os obxectivos que esperaba:
   - ☐ Si
   - ☐ Non
   - ☐ De xeito parcial
4. Cualifique de 0 a 10 as ponencias impartidas:
   - ☐ Normas de seguridade: a seguridade dos cazadores e outros usuarios do monte e a organización de batidas e medidas de seguridade.
   - ☐ Lexislación
   - ☐ Primeiros Auxilios: Actuación ante accidente de caza e outros accidentes e enfermidades. O botiquin do cazador
   - ☐ Primeiros Auxilios: Actuación ante un accidente do can, e o botiquin do cazador
5. Indique as actividades que, na súa opinión, a FGC debería organizar sobre esta ou outras materias:

## c) Avaliación curso a curso.

### ➢ 13 outubro 2018, Verín (Ourense)

**Dos 49 asistentes ao *Curso de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios*, celebrado en Verín (Ourense), responderon a enquisa 46 alumnos**, ou o que é o mesmo o **94**% dos asistentes.

| | Resposta 1 | Resposta 2 | Resposta 3 | NS/NC | Total |
|---|---|---|---|---|---|
| **Pregunta 1** | 40 | 5 | 1 | 0 | 46 |
| **Pregunta 2** | 34 | 12 | 0 | 0 | 46 |
| **Pregunta 3** | 45 | 0 | 1 | 0 | 46 |

O **87% dos asistentes manifestan que o curso resolveu totalmente as súas dúbidas**, fronte ao 11% que indican que llas resolveu nalgúns casos, e 1 asistente sinala non habelas resolto.

O **74% encontrou o contido do curso moi útil**, fronte ao 26% que o atopou aconsellable.

O **98% dos alumnos manifestan ter alcanzado os obxectivos que agardaban**, e 1 asistente di telos acadado de xeito parcial.

En canto aos relatorios, hai que sinalar que todos obtiveron unha nota media de notable.

Así as ponencias de ***Primeiros Auxilios***, impartidas por Uxía Álvarez Cerdeira e Lucia Rodríguez Míguez, acadaron unha nota media de 8,27 e 8,08, respectivamente; mentres que os relatorios de ***Lexislación*** e ***Normas de Seguridade***, impartidos por Mª Teresa González Justo e Aquilino Valencia Salgado obtiveron unha media de 8,17 cadaunha delas.

## ➢ 19 outubro 2018, Cerdedo (Pontevedra)

**Dos 23 asistentes ao *Curso de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios*, celebrado en Cerdedo (Pontevedra), responderon a enquisa 13 alumnos**, ou o que é o mesmo o **57**% dos asistentes.

| | Resposta 1 | Resposta 2 | Resposta 3 | NS/NC | Total |
|---|---|---|---|---|---|
| **Pregunta 1** | 11 | 2 | 0 | 0 | 13 |
| **Pregunta 2** | 10 | 3 | 0 | 0 | 13 |
| **Pregunta 3** | 12 | 0 | 1 | 0 | 13 |

O **85% dos asistentes manifestan que o curso resolveu totalmente as súas dúbidas**, fronte ao 15% que indican que llas resolveu nalgúns casos.

O **77% encontrou o contido do curso moi útil**, fronte ao 23% que o atopou aconsellable.

Máis do **92% dos alumnos manifestan ter alcanzado os obxectivos que agardaba**, e 1 asistente di telos acadado de xeito parcial.

No referente aos relatorios, tamén nesta ocasión todos acadaban unha media de notable.

O relatorio sobre as ***Normas de Seguridade***, impartido por José Luis Villamil Hermida e Álvaro Lago Lusquiños, obtiña unha nota media de 8,62. Seguíalle a ponencia de ***Lexislación***, impartida por Mª Teresa González Justo, cunha media de 8,38; e a continuación a de ***Primeiros Auxilios en accidente de cans***, impartida por Luis Eusebio Fidalgo Álvarez, que acadaba unha nota media de 8.

## ➢ 26 outubro 2018, Santa Comba (A Coruña)

**Dos 68 asistentes ao *Curso de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios*, celebrado en Santa Comba (A Coruña), responderon a enquisa 59 alumnos**, ou o que é o mesmo o **87**% dos asistentes.

| | Resposta 1 | Resposta 2 | Resposta 3 | NS/NC | Total |
|---|---|---|---|---|---|
| **Pregunta 1** | 46 | 13 | 0 | 0 | 59 |
| **Pregunta 2** | 39 | 20 | 0 | 0 | 59 |
| **Pregunta 3** | 47 | 1 | 11 | 0 | 59 |

O **78% dos asistentes manifestan que o curso resolveu totalmente as súas dúbidas**, fronte ao 22% que indican que llas resolveu nalgúns casos.

O **66% encontrou o contido do curso moi útil**, fronte ao 34% que o atopou aconsellable.

O **80% dos alumnos manifestan ter alcanzado os obxectivos que esperaban**, fronte ao 19% que manifestan telos alcanzado de xeito parcial, e 1 asistente sinala non ter acadado os obxectivos que agardaba.

No relativo á valoración das ponencias, tamén neste curso todas obtiveron media de notable.

As ***Normas de Seguridade***, impartida por Darío Andrade Expósito, obtiña unha nota media de 8,77. Seguíalle a ponencia de ***Primeiros Auxilios en accidente de caza e en accidente de cans***, impartida por José Montoiro González, cun 8,57 e 8,52 respectivamente; e a continuación cun 7,91 situábase a ponencia de ***Lexislación cinexética*** impartida por José Manuel Matos Sobrino.

## 31 outubro 2018, Lugo

**Dos 100 asistentes ao *Curso de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios*, celebrado en Lugo, responderon a enquisa 66 alumnos**, ou o que é o mesmo o **66**% dos asistentes.

| | Resposta 1 | Resposta 2 | Resposta 3 | NS/NC | Total |
|---|---|---|---|---|---|
| **Pregunta 1** | 56 | 10 | 0 | 0 | 66 |
| **Pregunta 2** | 46 | 20 | 0 | 0 | 66 |
| **Pregunta 3** | 57 | 0 | 9 | 0 | 66 |

O **85% dos asistentes manifestan que o curso resolveu totalmente as súas dúbidas**, fronte ao 15% que indican que llas resolveu nalgúns casos.

O **70% encontrou o contido do curso moi útil**, fronte ao 30% que o atopou aconsellable.

O **86% dos alumnos manifestan ter alcanzado os obxectivos que esperaban**, fronte ao 14% que manifestan telos alcanzado de xeito parcial.

Todos os relatorios acadaban tamén nesta ocasión unha nota media de notable alto.

As ***Normas de Seguridade***, impartido por Jaime Lage Pérez, obtiña unha nota media de 8,82. Seguíalle a ponencia de ***Primeiros Auxilios en accidente de caza***, impartida por Silvia Díaz Fernández, cunha media de 8,81; e a continuación situábase ***Primeiros Auxilios en accidente de cans***, impartido por Javier Sande López, cunha nota de 8,78; e ***Lexislación***, impartida por Mª Teresa González Justo cunha nota media de 8,19.

Únese á presente memoria como **Anexo 1**, a avaliación dos distintos relatorios.

## 7. ACTAS E FOLLAS DE INSCRICIÓNS.

Como **Anexo 2** adxúntase á presente memoria tanto as actas como as follas de inscricións dos distintos cursos, non obstante a información contida nas follas de inscrición contén datos persoais e polo tanto son susceptibles de estar suxeitas á Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, polo que tales datos teñen como única finalidade a xustificación dos cursos que nos ocupan, non podendo ser utilizados para unha finalidade distinta, debendo adoptarse as medidas necesarias para garantir a súa confidencialidade, sendo responsable o destinatario da información fronte á FGC dos danos e prexuízos causados que se deriven de reclamación de terceiros ou da AEPD, sempre e cando sexan consecuencia do incumprimento das anteriores obrigas.

## 8. PROGRAMAS DOS CURSOS.

Únese como **Anexo 3** a esta memoria os programas de cadaún dos cursos, con expresión da data, lugar de celebración, horarios, ponentes, e temario dos mesmos.

## 9. REPORTAXE GRÁFICO DOS CURSOS.




En todos os cursos celebrados colocábase un rollup da ***Escola de Caza*** e unha pancarta do Curso de Seguridade, ambos co logo da FGC e da Xunta de Galicia.






**Curso de Verín (Ourense)**

Desenvolvíase o día 13 de outubro, no Centro Social de Ábedes, e nel **participaban 49 alumnos dos 58 inscritos.**






## Curso de Cerdedo (Pontevedra)

Tiña lugar o día 19 de outubro no Auditorio de Cerdedo, e nel **participaban 23 alumnos dos 30 inscritos.**







## Curso de Santa Comba (A Coruña)

Tiña lugar o día 26 de outubro no local Vivenda Comunitaria de Santa Comba, e nel **participaban 68 alumnos dos 78 inscritos.**






## Curso de Lugo:

Tiña lugar o día 31 de outubro no Hotel Méndez Núñez, en Lugo, e nel **participaban 100 alumnos dos 113 inscritos.**



# 10. OS CURSOS NOS MEDIOS DE COMUNICACIÓN E NAS RRSS.



10 | GALICIA CINEXÉTICA #117 Actualidade FGC

*Millón y medio de visualizaciones en redes sociales*

## La campaña #CeroAbandono de la RFEC supuso un éxito viral

Fdo.: RFEC



La campaña **#CeroAbandono**, puesta en marcha por la *Real Federación Española de Caza* **(RFEC)** para la concienciación contra el abandono de animales en verano, ha finalizado superando el millón y medio de visualizaciones en redes sociales.

Esta iniciativa, que comenzó el 10 de julio y ha terminado el 1 de septiembre, a través de **Facebook**, **Twitter** e **Instagram**, ha sido también recogida por distintos medios de comunicación generalistas nacionales, como los Informativos de *Radio Televisión Española*, e incluso se han hecho eco de la misma medios de comunicación europeos.

La *Federación de Caza* a lo largo de estos meses ha lanzado un total de cincuenta consejos para el cuidado de los perros bajo el lema *"Este verano #CeroAbandono"*, con un doble objetivo: por una parte, sensibilizar a los propietarios de animales de compañía para evitar esta práctica en verano, y, en segundo lugar, hacerles llegar esta batería de recomendaciones para el mejor cuidado de los perros durante la época estival, sugerencias que, igualmente, pueden ser aplicadas muchas de ellas en otros momentos del año.

El *presidente de la RFEC*, **Ángel López Maraver**, se ha mostrado muy satisfecho con la excelente acogida de esta campaña en redes sociales. *"Los cazadores somos los primeros que queremos que nuestros perros estén bien cuidados y queremos velar para que todos, sean o no de razas de caza, estén siempre en las mejores condiciones"*, ha señalado. *"Con esta campaña se ha querido hacer especial hincapié en la importancia de una tenencia responsable de mascotas, en particular de los perros"*, ha insistido **López Maraver**, volviendo a recordar que tanto la **RFEC** como todo el sector cinegético *"condenan siempre cualquier tipo de abandono animal y, en especial, el de los perros de caza"*.





**Novas**

Imprimir

ESCOLA DA CAZA

## A FGC retoma, un ano mais, os Cursos de Seguridade na Caza polas catro provincias galegas

08/10/2018 Federación

*Como novidade para este 2018 a Federación Galega de Caza poñerá en marcha tamén os Cursos On-Line a través da súa Escola de Caza e tamén nos vindeiros días arrincará a Campaña CazaSeguro.*

**Un ano mais, a Federación Galega de Caza coa colaboración da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, fai unha aposta firme pola formación dos cazadores galegos. Comezan os cursos de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios, sendo Ourense a que dará o pistoletazo de saída este vindeiro sábado día 13 en Verín.**

En canto á temática que se abordarán nestes cursos do 2018 mencionar o seguinte:

-Seguridade na Caza: normas de caza, outros usuarios do monte, organización de batidas e lexislación e xurisprudencia relacionada coa organización nas cacerías

-As Comunicacións coa Consellería de MOT: plans de ordenación, solicitude de cacerías, comunicación de resultados e aplicación informática de caza (Suposto práctico)

-Primeiros Auxilios: accidentes de caza e dos cans, botiquín do cazador e actuación ante outras doenzas comúns (desmaios, infartos, etc)

-Mesa Redonda

As datas e lugares de celebración dos Cursos son os seguintes:

-Ourense: 13 de outubro - Verín

-Pontevedra: 19 de outubro - Cerdedo

-A Coruña: 26 de outubro - Santa Comba

-Lugo: 31 de outubro - Lugo

Para máis info contacta coa túa Federación Provincial de Caza ou a través do seguinte ligazón: https://www.federaciongalegadecaza.com/axenda.php?tipo=curso



FEDERACIONES, NACIONAL, NOTICIAS

## Cursos de seguridad en la caza organizados por la Federación Gallega de Caza

El 8 octubre, 2018

More in Federaciones:

**FEDEXCAZA recomienda a las sociedades locales no cazar liebres esta temporada**
17 octubre, 2018

**XXI Cpto. de España de RRCC con Arco y Caza al Vuelo, en S. Agustín de Guadalix**
17 octubre, 2018



La Federación Gallega de Caza retoma, un año más, los curs… provincias gallegas.Como novedad para este 2018 la Federa… también los cursos *on line* a través de su Escuela de Caza y… Campaña CazaSeguro.

https://cazawonke.com/actualidad/c10-nacional/72551-cursos-de-seguridad-en-la-caza-de-la-federacion-gallega-de-caza 1/5

**Federación Galega de Caza**
Publicado por Antón Arrojo Reguera [?] · 31 de octubre a las 18:15 ·

Comenza na cidade amurallada o cuarto e derradeiro Curso de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios



1.813 Personas alcanzadas | 229 Interacciones | Promoción no disponible

Susi Villaverde, Veronica Saco Lopez y 26 personas más · 1 vez compartido

Me gusta · Comentar · Compartir

Escribe un comentario...

*Escola de Caza*

# FGC realizou, un ano mais, os Cursos de na Seguridade na Caza polas catro provincias galegas



Como novidade para este 2018 a *Federación Galega de Caza* pon en marcha tamén os **Cursos On-Line** a través da súa *Escola de Caza* e tamén promoveu a *Campaña CazaSeguro*.

Un ano mais, a *Federación Galega de Caza* fixo unha aposta firme pola formación dos cazadores galegos. Tiveron lugar os cursos de **Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios**, sendo Ourense a que deu o pistoletazo de saída o pasado día 13 en Verín.

En canto a temática que se abordou nestes cursos do 2018 mencionar o seguinte:

- **Seguridade na Caza:** normas de caza, outros usuarios do monte, organización de batidas e lexislación e xurisprudencia relacionada coa organización nas cacerías.
- **As Comunicacións coa Consellería de MOT:** plans de ordenación, solicitude de cacerías, comunicación de resultados e aplicación informática de caza (Suposto práctico).
- **Primeiros Auxilios:** accidentes de caza e dos cans, botiquín do cazador e actuación ante outras doenzas comúns (desmaios, infartos, etc).
- **Mesa Redonda.**

**Publicaciones**

**Federación Galega de Caza** ha compartido un enlace.
19 horas ·

FEDERACIONGALEGADECAZA.COM
**Boa nota para a edición 2018 dos Cursos de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios | Novas | Federación Galega de Caza**
Análise das enquisas realizadas nos cursos...

Me gusta · Comentar · Compartir

A Antonio Jose Navalón Saez y Cesar Ayaso les gusta esto.

Imprimir

ESCOLA DE CAZA

# Boa nota para a edición 2018 dos Cursos de Seguridade na Caza e Primeiros Auxilios

07/11/2018 · Federación

*Análise das enquisas realizadas nos cursos presenciais impartidos pola FGC e realizados no mes de outubro nas catro provincias galegas*

Coa celebración, o pasado 31 de outubro, do Curso de Seguridade na Caza na provincia lucense, remata o ciclo formativo presencial posto, como en anos anteriores, pola Federación Galega de Caza en convenio coa Consellería de Medio Ambiente, co fin de formar e informar aos cazadores galegos ante temas tan transcendentais como son a seguridade na caza, primeiros auxilios e comunicacións coa Administración pública.

No transcurso destes 4 cursos presencias impartidos nas provincias galegas, e co obxeto de mellorar as actividades formativas que desenvolve e coñecer o grado de satisfacción das mesmas, a FGC realizou unha avaliación anónima aos participantes que cumplimentaron unha enquisa cunha serie de cuestións referidas a formación impartida.

Recopilados e extraídos os datos de ditos formularios podemos afirmar que o 70% dos asistentes manifestaron con agrado o contido dos cursos e ata o 83% viu resolta as súas dubidas nos diferentes temas abordados. A porcentaxe elévase de xeito satisfactorio ata un 88% cando os cazadores deron resposta a pregunta de ¿Acadou vostede os obxectivos esperados?.

No seu afan formativo, a Escola de Caza da FGC puxo un punto e seguido co remate destes ciclo de cursos presenciais, comenzando, a finais do pasado mes de outubro, o I Curso Online, baixo o título "Curso de Formación dos Responsables das Sociedades de Caza" a través da súa Aula Virtual. Pechada a 1° convocatoria, o pasado 30 de outubro, a acollida por parte dos cazadores galegos deste curso virtual foi sobresainte, superándose os 120 inscritos

# ACTIVIDADE II

# CURSOS DE FORMACIÓN DOS RESPONSABLES DAS SOCIEDADES DE CAZA

## ACTIVIDADE I I: CURSO DE FORMACIÓN DE RESPONSABLES DE SOCIEDADES DE CAZA

A FGC poñía en marcha o tan ansiado proxecto da ***Escola de Caza Online***.

